



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2020

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

En Mesía, a 26 de novembro de 2020, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE MESÍA

Vista a Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrència non competitiva, para o ano 2020.

Vista a solicitude dunha subvención, presentada polo Concello de Mesía, ao abeiro da dita Orde para a Elaboración dun Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable PACES do Concello de Mesía, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia en data 01.06.2020.

Vista a notificación da Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data 28.08.2020, pola que se concede a este concello unha axuda de 4.000,00 euros para a realización do dito proxecto.

Vista o Decreto 332/2020, de 20/10/2020, polo que se adjudica o contrato menor de servizo de Elaboración do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable, PACES, do Concello de Mesía.

Visto o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable do Concello de Mesía elaborado pola empresa adjudicataria do contrato menor de servizo.

De conformidade co artigo 3.2 da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable do Concello de Mesía.

Segundo.- Comunicar a dita aprobación á empresa adjudicataria da elaboración do plan para presentar o documento correspondente na Plataforma do Pacto de Alcaldes para a xustificación da dita subvención.

Mesía, 23 de novembro de 2020 Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde."

Manifesta o Sr. Alcalde que somos un dos douscentos concellos de Galicia que asinamos o pacto de dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, que ten como finalidade reducir as emisións de CO2 nin 40% para o ano 2030. O plan inclúe un inventario de emisións, unha avaliación de riscos e medidas para reducir o efecto invernadoiro. É unha folla de ruta, non é vinculante e pode irse adaptando. Non se poden obter subvencións da Unión Europea sen ter esta documentación. Debemos procurar facer unha labor divulgativa e formativa.

Toma a palabra a Sra. Louro, que valora positivamente o acordo, xa que o cambio climático está a ter unha influencia cada vez máis importante, como se pode ver nas grandes catástrofes naturais que suceden.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos votos concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. TRANSFERENCIA DE CREDITO 06/2020. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO
MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS ORZAMENTARIOS
EXPTE. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS (REF. TC 06/2020)

Visto o estado de execución do orzamento deste Concello e as súas bases de execución para o ano 2020.

Vista a reducida execución do orzamento nas aplicacións orzamentarias correspondentes a gastos relacionados coas actividades municipais culturais e deportivas, debido á crise do covid-19, e advertidas necesidades noutros ámbitos, tal como se reflicte nas aplicacións orzamentarias indicadas nas seguintes táboas.

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito, referencia TC 06/2020, considerando que non se produce perturbación do servizo coa reducións que se propoñen, e visto o informe favorable de Intervención.

É polo antedito que, de conformidade co establecido nos artigos 179 e 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Presidencia propón ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 06/2020, polo que se transfire crédito entre as aplicacións orzamentarias sinaladas nas seguintes táboas.

APLICACIÓNS NAS QUE SE REDUCE O CRÉDITO:

APLICACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO
342.21200.- Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións.	17.000,00€	-5.000,00€	12.000,00€
342.22199.- Instalacións deportivas. Outros subministrados.	9.200,00€	-8.000,00€	1.200,00€
334.22300.- Promoción cultural. Transportes.	8.000,00€	-6.000,00€	2.000,00€
334.22609.- Promoción cultural. Actividades culturais e deportivas.	30.785,39€	-16.000,00€	14.785,39€
338.22609.- Festas populares e festexos. Actividades culturais e deportivas.	16.783,82€	-16.000,00	783,82€
341.22609.- Promoción e fomento do deporte. Actividades culturais e deportivas.	6.797,17€	-5.000,00€	1.797,17€
341.22799.- Promoción e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	10.000,00€	-3.000,00€	7.000,00€
342.62900.- Instalacións deportivas. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	5.000,00€	-5.000,00€	0,00€
TOTAL MODIFICACIÓN		-64.000,00€	



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

APLICACIÓN NAS QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO:

APLICACIÓN	CRÉDITO INICIAL	MODIFICACIÓN	CRÉDITO DEFINITIVO
453.61900.- Carreteras. Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	402.148,07€	+38.000,00€	440.148,07€
942.46300.- Transferencias a entidades locais territoriais. A Mancomunidades	16.000,00€	+7.000,00€	23.000,00€
934.35900.- Xestión da débeda e da tesourería. Outros gastos financeiros	500,00€	+1.000,00€	1.500,00€
1531.22799 Acceso aos núcleos de poboación. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais.	4.000,00€	+18.000,00€	22.000,00€
TOTAL MODIFICACIÓN		+64.000,00	

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro. ”

Manifesta o Sr. Alcalde que, tal como se sinala na proposta, este ano, debido ao coronavirus, fíxose moito menos gasto en actividades culturais e deportivas, aforrándose en gastos como luz, arranxos de instalacións deportivas, ou a festa da terceira idade, polo que propónse dita transferencia. Agradezo á Sra. Louro que presentara con antelación o escrito en relación coa proposta.

Entrégaselle copia aos concelleiros presentes de dito escrito, que, de seguido, se transcribe:

“Estimado Alcalde:

Entendo oportuno, dadas as circunstancias derivadas da COVID, facer modificacións de crédito. Pero non entendo que se reduzan drasticamente as partidas de cultura e que todas as reducións se destinen a infraestruturas de mobilidade.

No curso do debate do punto 2 do pleno do xoves 26 eu propoñerei que se manteñan en boa parte as partidas de cultura. Por exemplo, que non se reduza a partida 334.22608 de promoción cultural e se destinen os 16.000 euros xa previstos a acción cultural, que podería desenvolverse nos centros educativos; podía ser a través de agasallos de libros (exemplo, un a cada alumno/a co gallo do Nadal) e mesmo teatro ou outras actividades que valoren positivamente os centros de ensino.

Como sabes, tamén todo o relacionado coa cultura sufriu un duro golpe con isto da covid e non parece xusto que desde o propio concello se lle aseste unha nova estocada. Realmente, trataríase de non enriquecer en 38.000 euros senón en 22.000 a partida 453.61900 de carreteras; e os nenos e



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

nenas, así como toda a comunidade educativa, seguro que agradecerían calquera agasallo cultural do concello, e ben o merecen neste ano difícil,

Todo o cal poño no teu coñecemento por se quixeses tomalo en consideración e, ademais, teñas un tempo para pensalo.

Un saúdo

Beatriz Louro (BNG)''

Continúa manifestando o Sr. Alcalde que este ano foi un ano difícil para todos. O que vostede pide non está condicionado pola falta de crédito orzamentario, xa que incluso están suspendidas as regras fiscais que nos poderían impedir exceder do gasto previsto. Paso a palabra á Sra. Sánchez para que lles de conta do xa feito neste eido e o que se ten pensado facer.

Manifesta a Sra. Sánchez que está de acordo coa Sra. Louro e o varapalo sufrido pola cultura. No noso caso, estamos a programar cursos on-line, fixemos campamentos e saídas de balde, moitas actividades no verán e máis actuacións teatrais que nunca. Hoxe no colexio hai un aula de teatro. Nunca se deixou de programar nos colexios. En canto aos libros, hai dous subvencións da Xunta ás que nos acollemos, e entre a subvención e a aportación municipal gastamos este ano máis de cinco mil euros en libros. En canto ás actividades, moitas delas, como pilates, inglés, ximnasia ou pintura, nas que a xente xa paga moi pouco, nós as sacamos pero a xente non viu. Agora estamos a ver que facemos co Nadal.

Manifesta a Sra. Louro que vendo na proposta que se quita tanto á cultura, por iso propoñía que se lle dera un libro aos nenos, xa que non haberá festa de Reis. Os máis pequenos aínda poden xogar, pero os da ESO pásano moi mal, podería facerse unha obra de teatro ao mes. Pregunta así mesmo porqué non se lle dan mascarillas aos nenos directamente, sen que as teñan que pedir.

Manifesta a Sra. Sánchez que as mascarillas teñen que pedilas e ver si lles valen, porque non son todas iguais, poden vir ao concello a por elas cando queiran. Non haberá festa de Reis como tal, pero estamos pensando si poderían ir os Reis ás parroquias. Tamén vou propoñer saídas, a ver se a xente ven.

Manifesta o Sr. López estar de acordo co escrito da Sra. Louro e pregunta qué se está a facer cos maiores, que son os máis desvalidos, respostando a Sra. Sánchez que hai cousas que se poden facer nunhas parroquias e noutras non. Propuxéronse cousas pero son reticentes, a ver si facemos andainas, porque xuntanzas non se poderán facer.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que calquera proposta que acheguen analizarase, e o condicionante non vai a ser o económico.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por seis votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros presentes do PP e do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.